



*Vai de*  
**PARROQUIAS**  
*Silleda*

MISIÓN ELFOS 33:  
*Na procura dos agasallos perdidos*

## MISIÓN ELFOS 33: Na procura dos agasallos perdidos

Algo inesperado aconteceu en Silleda! Un grupo de elfos viaxeiros, decidiu coñecer o noso pobo. Cando chegaron quedaron abraiados con Silleda, montañas, ríos, pedras e xente hospitalaria e encantadora. Gustoulles tanto que, con tal entusiasmo, despistáronse un pouco e os agasallos desapareceron!

Agora, a misión está clara: “*Misión Elfo 33, na procura dos agasallos perdidos*”. Percorre as parroquias de Silleda e atopa os elfos agochados para recuperar a maxia do Nadal.

1. Mira o mapa, lee as pistas e **localiza** cada Elfo (*se non eres capaz, mira na web a xeolocalización!*)
2. **Anota** o número de Elfo na lámina do obrador de xoguetes
3. **Sácate unha foto** con cada Elfo
4. **Envía** por correo a lámina do obrador completa e as 33 fotos a [cultura@silleda.gal](mailto:cultura@silleda.gal)
5. Entra no **sorteo**

## PISTAS

- **Abades:** Quedei abraiado! Puxeron estas pedras hai máis de 6.000 anos. A máis antiga de Galicia!
- **Ansemil:** Veño ver como come o Neno no alto.
- **Breixa:** Viñen buscar sereas e seres fantásticos!
- **Carboeiro:** Isto agora é refuxio de morcegos!
- **O Castro:** Que beleza de carballos, normal que a xente veña facer festa.
- **Cervaña:** Eu quédome aquí onde se xunta a veciñanza.
- **Chapa:** Quedei afónico de tanto cantar, vin a esta fonte a gorxa curar!
- **Cira:** Quedeime aquí coas garzas, no encontro destes dous ríos!
- **Cortegada:** Que ben pintadiñas as mans que traballan desta muller!
- **Dornelas:** Aquí parado coñezo un montón de xente, non para de pasar por este Camiño.
- **Escuadro:** Que recuncho para lavar e natureza que estudar.
- **Fiestras:** Subo polas grandes escaleiras e cara o alto das pareceas, hai seres agochados coma min!
- **Graba:** Canta auga e que alta estou! Que divertido!
- **Lamela:** Veño aquí ao alto a que me curen a cabeciña.
- **Laro:** Aquí vivían castrexos! Agora a veciñanza vive ben alto.
- **Manduas:** Vaia espectáculo montaron aquí! Parece divertido vir xogar.
- **Martixe:** Que recuncho mais fantástico fixeron aquí, con mesas para merendar!
- **Moalde:** Vin a un dos puntos mais altos de Silleda! Vaia ventolera e que vistas!
- **Negreiros:** Estou nesta fonte que parece de conto. Coidado que se esvara!
- **Oleiros:** Que fermosa carballeira! E din que detras dos muros descansa unha muller.
- **Parada:** Este sitio é fabuloso para botar un conto, mentres lavas ou escoitas a auga correr.
- **Pazos:** Parece que chove! Que forza da natureza!
- **Piñeiro:** Quedei neste cruce de camiños, para non perderme a festa cando chegue!
- **Ponte:** Que árbore de boa sombra! Parece unha oliveira!
- **Refoxos:** Este lugar antes dependía do Mosteiro de Aciveiro, case se toca o ceo!
- **Rellas:** Wow! Parece ser que é o mais grande da comarca, estas moas si que debían traballar!
- **Sáidres:** Vou en busca dun león... e atopei dous bebendo!
- **Siador:** Esta debe de ser a veciña máis lonxeva do concello. Ten máis de 500 anos!
- **Silleda:** Que fresca sae esta auga! Aquí me sento a pasar a tarde.
- **Taboada.** Chámase así, porque primeiro era de madeira, pero levábaa o río no inverno!
- **Vilar:** Aquí boto un conto coa veciñanza, e non paso sede.
- **Xestoso:** Nesta praza podo voar o meu papaventos na casa da veciñanza.